



# TORRES DE ALTAMIRA

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

20 NOVEMBRO 2021

Próxima Ruta:  
**PENAS DE RODAS.**  
11 DECEMBRO 2021

## DATOS BÁSICOS

Comezo: Bertamiráns  
Remate: Bertamiráns  
Distancia lineal: 23 km.  
Duración aproximada: 6 horas  
Dificultade: Media.  
Altura Máxima: 238 m.  
Altura Mínima: 11 m.  
Ascenso total: 478 m  
Descenso total: 478 m

O noso roteiro comeza cun pequeno paseo fluvial polo rego de Ameneira, un paseo fluvial urbán que nos adentrará nun, tamén pequeno bosque dentro do núcleo urbán de Bertamiráns. Proseguiremos o roteiro ata ás Torres de Altamira, ruínas dun Castelo medieval e que foi a casa matriz dunha familia, a dos Moscoso, poderosa familia que xogou un destacado papel na Idade Media en Galicia. Sitúase no municipio de Brión.



Estos vestixios son o monumento máis importante e significativo deste municipio. Declarado Bien de Interés Cultural en 1994. Hoxe en día é propiedade da Diputación Provincial de A Coruña. Está

ubicado na aldea da Torre, na parroquia de Brión, rodeadas dún magnífico paisaxe. Dende este lugar domínase coa a vista todo o Val de Amaía. As ruínas do Castelo son o que queda do que construíuse no século IX sobre os restos dun antigo castro da antigüedad. Este xacemento arqueolóxico adoita ser denominado "Castro de Altamira", sin que se coñeza con exactitude as súas dimensións ou características. A fortificación do século IX mantívose ata o ano 1073, ano no que foi arrasada por Gonzalo de Moscoso, fillo de un tal Beremundo, Castelo do que non se saben cales eran a súas dimensións, ni as dependencias coas que contaba. Despois

disto a súa reconstrución veúse dificultada pola prohibición ordenada polo Rey Fernando II en 1180 de construír novas fortalezas na "Terra de Santiago" sen autorización expresa do arcebispo de Compostela. Foi de novo derrubado polos irmandiños no século XV (1431-1469), durante a revolta e reedificado en 1471.



Continuaremos ata a Leboráns onde podemos observar a Ermida de San Fins, pero non será ata Trasmonte onde poderemos ver a Igrexa de Santa María de Trasmonte, igrexa barroca con torre de estilo compostelano.

E é dende aquí onde percorreremos parte do Camiño de Santiago a Muxía-Fisterra antes de entrar en Ponte Maceira. Por suposto gran parte do percorrido vai pola estrada.



de España en decembro de 2019.

Destaca a gran ponte Románico, construído sobre o Tambre no século XIII, aproveitando os pilares doutra romana anterior. Consta de cinco arcos e dous máis pequenos. A ponte une os municipios de Ames e Negreira, ademais cabe destacar o conxunto monumental formado polo poblado primitivo, un antigo muiño, presa, capilla de San Blas (tamén coñecida como Capela do Carme ou Ermita de San Brais, foi construída no século XVIII e posteriormente (no XIX) incorporóuse recentemente un ábside semicircular neorrománico) e o Pazo de Baladrón (S.XIX). É paso obrigado no camiño marítimo de Santiago unindo a cidade do Apóstolo Santiago con Fisterra. Volveremos, saíndo de Ponte Maceira o camiño de Santiago pero esta vez en dirección contraria e en busca da Ermida de San Xoanciño no lugar de Pousada.

Da antiga capela teñense noticias do século XVII e estaba baixo a advocación de San Xoán e San Isidro e quizá fora Urraca de Pousada a súa fundadora. No século XVIII procedeuse a remodelación por Xoán de Samamed e outra xente. No XIX fixéronse melloras e engadiuselle a sancristía e o adro. Tamén son de esas datas as tallas da Virxe de Lourdes, a Virxe do Rosario e o San Xoán. A capela amosa nave única con un pórtico na entrada de teito a tres augas e sostido por columnas de pedra apoiadas sobre un muro con bancos corridos. A fachada está feita de perpiño de granito e ten no cume espadana para a campá que remata en frontón triangular con pináculos. O resto dos muros son de mampostería e o teito do edificio vai a dúas augas. A porta principal ten no lintel gravado un texto recordando a data da construción e o seu promotor. Fai uns meses roubáronlle a campá e a arrincáronlle o pináculo esquerdo da fachada que está tirado no teito. Para rematar a ruta, e dende a parte máis baixa da ermida retomaremos un paseo fluvial ata Bertamiráns polo Rego dos Pasos, onde será o final do roteiro deste mes.

Ponte Maceira é un pequeno pobo de pouco máis de 60 habitantes que está situada na parroquia de Portor, pertencente ó Concello de Negreira. Por aquí pasa el Tambre un dos máis importantes de Galicia. Foi nomeado uns dos Pobos mais bonitos

